



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 15 DE ABRIL DE 2021

N.º 084

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZOS CENTRAIS

#### Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 5 de marzo de 2021 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgouse a María Carmen Vilela Vázquez unha concesión de 1809,02 m<sup>3</sup> anuais de auga procedente dun manancial situado no lugar de Vilamerelle, na parroquia de San Xulián do Camiño, no concello de Palas de Rei (Lugo), con destino a uso gandeiro e a rega.

Número Expte.: DH.A27.06048

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 0948

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

#### Anuncio

#### -E D I C T O- NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMENTO PERIÓDICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos tributos e concellos que se citan:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2021

- ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDO, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑAO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no caso dos prezos públicos e taxas, e perante o Presidente da Deputación Provincial de Lugo, no caso do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 18 de marzo de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

## ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2020, relacionados abaixo, empezará a contar o 15/04/2021 e finalizará o día 15/07/2021, ambos os dous incluidos.

Relación de tributos e concellos:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:-

ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDO, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑAO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impresio de domiciliación que acompaña ao documento cobradorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 18 de marzo de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 0770

## CONCELLOS

BEGONTE

*Anuncio*

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación Municipal, de data 22 de xaneiro de 2021, de aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da concesión de subvencións para obras de conservación e rehabilitación ou de construcción nova de vivendas, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o texto íntegro da mesma.

Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse no prazo de 2 meses, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos na normativa reguladora da devandita xurisdicción.

### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNNS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN OU DE CONSTRUCCIÓN NOVA DE VIVENDAS.

1º.- Obxecto.- É obxecto desta ordenanza municipal a regulación das axudas económicas establecidas polo concello para o fomento de construcción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

2º.- Actuacións subvencionables.- Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles deshabitados como as obras de nova construcción destinadas a vivendas unifamiliares.

As axudas aplicaranse ás actuacións enumeradas no parágrafo anterior que sexan acordes coa normativa vixente e valoradas favorablemente polo concello, tras o procedemento instruído para os efectos.

**3º.- Financiamento das axudas.**- As axudas concederanse con cargo á correspondente aplicación do orzamento municipal aprobado para cada exercicio económico, na contía establecida, e sen perxuízo no seu caso da posterior modificación presupostaria que se considere procedente.

**4º.- Beneficiarios.**-

a).- Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas que levan a cabo a construción ou a conservación e rehabilitación dunha vivenda co fin de destinala á súa residencia habitual e que cumpran as condicións esixidas nesta ordenanza. O destino do inmoble obxecto da subvención como vivenda familiar habitual deberá manterse polo menos durante o período de 5 anos. Esta condición é resolutoria, dando lugar no caso de incumprimento á devolución da subvención, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b).- Os beneficiarios das subvencións deberán cumplir as seguintes condicións :

- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.

- Destinar a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de construción a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da unidade familiar, durante un prazo de al menos 5 anos desde a finalización das obras, sen que poida ser obxecto de cesión a transmisión inter vivos por ningún título durante un prazo de 10 anos desde a concesión da subvención.

-Ostentar a propiedade/copropiedade ou título habilitante da vivenda obxecto de rehabilitación e conservación ou construción.

-Non estar encurso en ninguna das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

-Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmoble e xustificar documentalmente a alta da vivenda no Catastro correspondente.

**5º.- Contía das axudas.**- Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento (2%) do importe do presupuesto de execución material ( PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención da licenza ou título habilitante, cun máximo de tres mil euros (3.000,00 €).

**6º.- Procedemento do outorgamento.**-

I.- Iniciación.-

Cada exercicio económico, a Alcaldía do concello, aprobará unhas bases específicas onde se fixará o procedemento e condicións da subvención, tales como: Importe total máximo das axudas a outorgar durante o exercicio, prazo de resolución dos expedientes, comisión de valoración das solicitudes, acumulación ou non do importe anual non consumido ao exercicio seguinte e demais cuestións procedimentais.

A correspondente convocatoria das axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, páxina web do concello e taboleiro municipal de anuncios.

II.- Presentación das solicitudes.-

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, conforme ao modelo que figura na convocatoria.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI /NIE do solicitante.

- Licenza municipal ou Título habilitante das obras.

- Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

- A demais documentación esixida na convocatoria das axudas.

As solicitudes de axuda resloveranse por orde cronolóxico de solicitude.

Unha vez esgotados os créditos da partida, publicarase na mesma páxina web e taboleiro de anuncios a finalización do prazo de presentación.

**Comisión de Valoración.**-

Xunto co acordo da Alcaldía que se establece no artigo 6º desta ordenanza de aprobación das bases específicas, nomearase a Comisión de Valoración que en cada exercicio económico informará as solicitudes presentadas, correspondendo a resolución de outorgamento da subvención á propia Alcaldía.

A dita Comisión de Valoración estará integrada en todo caso polo sr. Alcalde ou concelleiro-delegado, que será o presidente, e polo técnico municipal competente.

As funcións de secretaría da dita Comisión de Valoración serán competencia da Secretaría-Intervención ou persoal en quen delegue. A Comisión de Valoración analizará as solicitudes presentadas e elevará informe vinculante ao órgano competente que adoptará a resolución pertinente.

A comisión axustará o seu funcionamento ao establecido nos órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**7º.- Réxime de compatibilidade de subvencións.**- As axudas reguladas nesta ordenanza serán compatibles coa percepción de calquera outra subvención para o mesmo fin, procedentes doutras administracións públicas.

**8º.- Percepción da subvención.**- A subvención percibirase unha vez finalizadas as obras e dispoñer da licenza municipal de 1ª ocupación, xustificante da alta do inmoble no catastro e, se é o caso, certificado de empadroamento e compromiso de permanencia e empadroamento na dita vivenda por un mínimo de 5 anos.

**9º.- Reintegro das subvencións.**- O beneficiario das axudas virá obrigado a devolver ao concello as cantidades percibidas no caso de incumprimento das obrigas previstas nesta Ordenanza , nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

**10º.- Normativa de aplicación.**- No non establecido nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009.

En canto ao réxime do procedemento estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e disposicións contidas na lexislación da Administración Local".

**Disposición Transitoria.**- As axudas previstas nesta Ordenanza Municipal poderán ter carácter retroactivo con efectos de 1 de xaneiro de 2020

**Disposición Final.**- A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e o transcurso do prazo de 15 días hábiles establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Begonte, 15 de marzo de 2021.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0950

## FOLGOSO DO COUREL

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2021

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2021, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 10 de marzo de 2021, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 1.549.466,91€, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	891.000,59 €	Cap. 1.- Impostos directos	199.355,56 €
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	375.170,44€	Cap.2.- Impostos indirectos	11.893,83 €
Cap. 3.- Gastos financeiros	1.200,00 €	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	78.973,91 €
Cap. 4.- Transferencias correntes	33.200,00 €	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.011.647,73 €
Cap. 5.- Fondo de contingencia y otros imprevistos	- €	Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	1.000,00 €
Cap. 6.- Investimentos reais	246.595,88 €	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	- €
Cap. 7.-Transferencias de capital	2.300,00 €	Cap. 7.-Transferencias de capital	246.595,88 €
Cap. 8.- Activos financeiros	- €	Cap. 8.- Activos financeiros	- €
Cap. 9.- Pasivos financeiros	- €	Cap. 9.- Pasivos financeiros	- €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.549.466,91 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.549.466,91 €</b>

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

CADRO DE PERSOAL:

• **PERSOAL FUNCIONARIO**

- 1 Secretaría- Intervención.
- 1 Traballador Social.
- 1 oficial servizos múltiples.
- 1 auxiliar administrativo experto.

• **PERSOAL LABORAL :**

- 1 Técnico local de emprego.
- 1 Traballador social.
- 9 auxiliares de axuda domicilio.
- 6 peóns Ges.

3.- PRAZAS OBXETO DE PROCESO DE CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO QUE PASARÁN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A PERSOAL FUNCIONARIO AO REMATE DO CITADO PROCESO:

- 1 traballador/a social
- 1 Técnico local de emprego.
- 6 auxiliares de axuda domicilio.

Folgoso do Courel, 8 de abril de 2021.- A Alcadesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0951

---

## A FONSAGRADA

*Anuncio*

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 115/2021

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de marzo do 2021

Aprobado por Decreto de Alcaldía número 2021-0142, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo do 2021, polo importe total de 12.028,17 € (dependencia) e 367,20 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 8 de abril de 2021.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0952

---

## GUITIRIZ

*Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 3º trimestre do ano 2020 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzcan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao terceiro do 2020, terá lugar dende o día 09/04/2021 ao 09/06/2021 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nangunhas das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipias de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas (deberase chamar para solicitar cita previa).
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 8 de abril de 2021.- A Alcadesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0954

## LOURENZÁ

### Anuncio

#### EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I. ABRIL 2021

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de abril de 2021 por importe de oitocentos oitenta e catro euros con sesenta e cinco (884,65).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 1 de abril de 2021.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 0955

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 1º BIMESTRE DO EXERCICIO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 29.03.2021 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do primeiro bimestre do exercicio 2021 (xaneiro-febreiro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 27.04.2021 ata o 29.06.2021.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, pónse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 7 de abril de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0956

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN**

##### **BASES DA CONVOCATORIA**

###### **1. Obxecto**

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 2 postos de axuda no domicilio, coa finalidade de dotar o servizo de mais persoal, debido as baixas contractuais, para a atención domiciliaria.

###### **2. Características do posto de traballo ofertado**

Denominación do posto:	Axuda a domicilio
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais
Categoría profesional	9

Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso
Núm. de Postos que se convocan	1 posto contrato 401 1 posto contrato 501-4horas

### 3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa e parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/dia e 4h/dia
Retribución bruta	SMI 2021 con prorratoe das extras, en proporción as horas de contrato

### 4. Requisitos dos aspirantes

#### 4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencia.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumplidos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

